

PLAN DE EUROPEIZACIÓN DO CENTRO

Curso 2017-2018

O noso IES leva planificando desde fai anos diversas actividades que pretenden situar ao noso alumnado nunha perspectiva de coñecementos e de actitudes abertas á sociedade europea. Este plan pretende, a través de distintos proxectos, programas, propostas e materias específicas implicar ao profesorado e ao alumnado nunha aprendizaxe actual e comprometida co futuro da sociedade.

Actualmente levamos a cabo un intercambio co Karl von Frisch Gymnasium de Dusslingen (Stuttgart- Alemaña) de 10 días de duración que realizamos a comezos de curso, e que devolven en xuño. Esta experiencia está xa vinculada ao Plan Xeral do Centro e ao Proxecto Educativo, e forma parte da propia idiosincrasia do noso modelo educativo. En cursos anteriores solicitamos para un grupo de 25 alumnos/as de 2º ESO unha inmersión lingüística en lingua inglesa proposta pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia de unha semana nun albergue da nosa comunidade; quedamos de terceiros en reserva. Esta actitude de participación en tódalas propostas que teñan que ver coas linguas e coas nacións cercanas son o faro que guía o noso traballo. Mostra delo é unha nova petición para este proxecto English week para o vindeiro comezo de curso.

Pero queremos ir máis alá, pretendemos conseguir que un alumno ou alumna durante o seu tempo no instituto (6 anos) teña contacto con, alomenos, tres linguas da Unión Europea: o inglés como primeira lingua estranxeira de estudo obrigado, e o francés e o portugués como segunda lingua optativa. Nestas segundas linguas establécense propostas de actividades de curta duración (entre dous e 7 días de estancia en excursións organizadas) desde os propios departamentos.

Propoñemos tamén a posibilidade de levar a cabo estadias de intercambio de 10 días de duración en Italia (para 3º ou 4º da ESO). Contamos tamén coa posibilidade de intercambio cun pequeno grupo de alumnos e alumnas noruegos (Trondheim) que estudan español como segunda lingua, e

que están interesados en realizar esta experiencia. Dada a singularidade desta proposta esta alternativa está dirixida a poucos alumnos/as (máximo 5) e contaría só coa xestión do centro, deixando ás familias a decisión de levalo a cabo.

Coordinamos tamén proxectos de proxección europea Erasmus+, tanto para o profesorado como para o alumnado. Temos concedido un proxecto europeo KA1 para a formación de 4 profesores do centro: 2 en Inglaterra, 1 en Portugal e outro en Italia que remata este curso 2016-2017. Solicitamos tamén por segundo ano, un proxecto de subvención do intercambio co centro alemán (no que xa acadamos un 62% sobre 100 na anterior convocatoria), titulado *El valor de la ciudadanía: la educación como fundamento del futuro de Europa*.

Tamén desenvolvemos durante o presente curso un proxecto europeo KA3 ATS2020 “Assessment of Transversal Skills” (Evaluación de habilidades transversales) como un dos centros pilotos desta experiencia, na que están implicados 11 países europeos.

Non esquecemos as propostas institucionais, e solicitamos en anteriores ocasións e volvemos a solicitar para o vindeiro curso unha actividade de inmersión lingüística proposta pola Consellería de Cultura e Educación: English week, coa que 25 alumnos e alumnas de un dos cursos da ESO poderá beneficiarse de unha semana de actividades variadas. O obxectivo principal deste programa é proporcionar ao alumnado participante unha actividade de inmersión lingüística que lles permita mellorar as súas destrezas de comprensión e expresión oral en lingua inglesa. Para iso, organizaranse tanto actividades académicas como de tempo libre e obradoiros, de tal forma que se reforce a un tempo o programa ordinario do currículo dos alumnos e das alumnas e a convivencia entre eles, promovendo a comunicación en lingua inglesa entre os participantes.

A participación en concursos de perfil e contido europeos tamén forman parte das nosas actividades, e temos representación do noso alumnado en proxectos e concursos como Modelo de Parlamento Europeo, ou Euro-scola.

Creemos firmemente que a educación do noso centro debe ter como elemento identificativo o compromiso coa Europa do futuro e cos valores de tolerancia, coñecemento e solidariedade que nos caracterizan como persoas e deben definirmos como sociedade.